

A PROSA DE PREGUERRA



A prosa de preguerra: **Xeración Nós**

- Grupo de escritores que en 1920 fundaron en Ourense a revista Nós
- Supoñen a renovación da prosa (científica e literaria) galega de preguerra
- Compoñentes: Ramón Otero Pedraio, Florentino López Cuevillas, Primitivo Rodríguez Sanjurjo, Vicente Risco, Arturo Noguero, Antón Losada Diéguez e Castelao.
- Núcleo orixinal: “Cenáculo Ourensán” (Cunha evolución persoal e ideolóxica similar: “europeísmo respecto de España, orientalismo respecto de Europa”)
- Actividade política: Irmandades da Fala, creación do Partido Galeguista (1931), traballo polo Estatuto de Autonomía.
- Proxecto de europeizar a cultura galega




A prosa de preguerra: **Xeración Nós**

- A Xeración Nós: Obxectivos

Explicados por Risco en “Primeiras verbas” editorial do nº 1 da revista Nós

- “Crear” a cultura galega
- Considéranse unha “élite” destinada a espertar e dignificar a realidade do pobo galego
- Pluralismo ideolóxico
- Galicia, célula de universalidade
- “Enxebrismo” como o que nos define e identifica



15-12-26

o discurso da Xeración Nós

As bases ideolóxicas da xeración Nós parten do romanticismo e do historicismo alemán na definición dos pobos como posuidores dunha cultura propia, que se debe expresar na vitalidade do seu espírito nacional ('Volkgeist'). Beben profusamente da pegada da cultura francesa e do pensamento vitalista, decadente e individualista de autores como Huysmanns, Bergson ou Maurice Barrès, alén dos clásicos románticos. Dende esa perspectiva foron quen de introducirse no coñecemento do mundo das vangardas estéticas, como demostran os exemplos de Risco e de Manuel Antonio ou o labor de Otero Pedrayo como tradutor parcial do 'Ulysses' de James Joyce na revista 'Nós', xa á altura do ano 1926, e as numerosas recensións da obra de autores europeos na sección "Letras de afora" da revista 'Nós'.



«Europa non ten pra nós ren que nos adeprender. Somos Europa». traballamos no cerne europeo. Sen definilo nin expresalo a Galicia sempre desenvolveu o seu "leit motiv" de ceibe estilo europeo. Pola ceguedade de certas antinomias históricas puido figurar Galicia estraña á Europa. De feito, o arredamento de Portugal e a política castelán detiveron o íntimo progreso galego e puxéronos unha máscara de morte [...]. Ao igual que Galicia non se pode explicar polos métodos do materialismo histórico. ¿Será moi aventurado predicir un novo estadio no que a mente e a man dos pobos céltigos señan a guía da Europa renovada?»

Otero Pedrayo, 'Morte e resurrección', 1932



▲ Florentino López Cuevillas, Parga Pondal, Otero Pedrayo e Ánxel Casal

Pola súa banda, a póla do nacionalismo de máis fortes raiceiras liberal-democráticas (Antón Villar Ponte, Luís Peña Novo, Xohán V. Viqueira, etc.) defenden como "Pangaleguismo" un modelo democrático e modernizador, empeñado na loita pola paz no mundo e o achegamento a Portugal, buscando na Europa dos tempos da Gran Guerra os modelos das pequenas nacionalidades asoballadas que puidesen servir de exemplo na loita emancipatoria galega.

Exposición: "Galicia, célula de universalidade"

A prosa de preguerra: **Xeración Nós**

- **Características**

- Procedencia social acomodada (agás Castelao)
- Rexeitan a pequena burguesía e ao proletariado (solidariedade co campesiñado)
- Formación cultural desvencellada da tradición galega
- Rigorosa formación intelectual
- Elaboración de estilos individuais
- Vocación pedagóxica (encamiñar a conciencia galega)

- **Periodización:**

- Pregaleguismo: Cenáculo Ourensán (1914)
- Galeguismo: contacto coas Irmandades da Fala (1917)
- Etapa de posguerra: rómpese a unidade do grupo.

A prosa de preguerra: **Xeración Nós**

- Renovación literaria

- Céntranse na prosa (a renovación lírica liagada á vangarda)
- Diversificación da temática da novela (realista, urbana, psicolóxica...)
- Incorporan técnicas narrativas contemporáneas: monólogo interior, fluxo de conciencia, ruptura da secuencia temporal, etc.
- Consolidan o conto literario (orixinalidade temática e condensación)
- Creadores da prosa non ficcional (ensaio)
- Modelado do idioma para a expresión científica en diversas áreas
- Renovación do teatro (como arte en si alén da función propagandística: eliminan elementos realistas e costumistas en favor dos poéticos e simbólicos; incorporan tendencias europeas contemporáneas: o teatro como espectáculo total)




A prosa de preguerra: **Xeración Nós**

- A revista Nós (1920- 1936)

Antecedente: La centuria (Ourense, 1917:
Risco e Arturo Noguerol)

- Risco director literario; Castelao director artístico
- Medio de expresión da xeración (tamén publicará traballos do Seminario de Estudos Galegos)
- Medio para modernizar a cultura galega e poñer en contacto Galicia co mundo (sobre todo “comunidades afíns”: Portugal e Irlanda→atlantismo)
- Difusión da literatura europea do momento (traducións)
- Punto de encontro de “vellos” e “novos” escritores



A prosa de preguerra

A Xeración Nós: **Vicente Risco**

- Vicente Martínez-Risco e Agüero (Ourense 1884-1963)

Estuda en Ourense e Santiago. Despois de algúns anos traballando en facenda marcha a Madrid para continuar os estudos. Nesta época conxuga as lecturas de autores vangardistas coa afección polo vangardismo e o esoterismo, budismo, hinduismo...

Volta a Ourense no 1916 para traballar como profesor de Historia. No ano seguinte comeza a achegarse ao galeguismo, ideoloxía que defenderá ata mediados da década dos 30.

En 1930 viaxa por centro Europa e fica fortemente impresionado pola ascensión do nazismo e o comunismo. Na década dos 40 traballa en Madrid (aínda que volve a Ourense no 48) e centra toda a súa actividade no campo da etnografía.



A prosa de preguerra

A Xeración Nós: Vicente Risco

- O pensamento nacionalista:
 - Influenciado por Manuel Murguía e Alfredo Brañas (entidade cunha natureza obxectiva, orgánica e histórica → atributos: lingua, tradicións, costumes, historia, raza, xeografía e carácter propio)
 - Mesturado co rexeitamento do racionalismo e a defensa do espiritualismo (para el naturalmente ligados ao ser galego)
 - Determinismo xeográfico
 - Defende a necesidade do autogoberno
 - Galicia ideal: campesiña e rural, cunha cultura e unha concepción propia do mundo que contribúen a civilización universal.
 - Viraxe a partir da década dos 30: catolicismo integrista (tradición e catolicismo como garantías da orde social).

A prosa de preguerra

A Xeración Nós: Vicente Risco

- Características literarias:
 - Influencia dos movementos simbolistas e post-simbolistas (sobre todo Baudelaire, Rimbaud, Tagore)
 - Relación complexa coa vangarda artística achégase ao futurismo nalgúns [poemas](#), mais convértese nun crítico feroz destes movementos, polo seu rexeitamento da modernidade e a defensa dunha arte galega propia.
 - Aproveitamento da tradición oral galega (traballo etnográfico).

Especialmente na obra narrativa:

- Influencia de elementos propios da narración popular
- Técnica narrativa baseada na anáfora e na catáfora // esperpento
- Finais abertos e interrupción da linealidade con relatos paralelos
- Manexo artístico da linguaxe (efectos humorísticos e líricos)
- Descricións detalladas
- Narrativa fantástica (pero con intención didáctica)
- Culturalismo e digresións autorais (para o relato para expoñer as súas ideas)

A prosa de preguerra

A Xeración Nós: Vicente Risco

- Etapas:

Tres etapas na súa traxectoria intelectual que marcan toda a súa produción:

1. Anterior a 1920: percorrido cara ao galeguismo.

busca da espiritualidade en Oriente e movementos culturais europeos, ata o (re)descubrimento de Galicia.

Nós, os inadaptados (ensaio no que describe a traxectoria vital do grupo Nós)

Do caso que lle aconteceu ao doutor Alveiros (relato epistolar breve e humorístico na que se busca a resurrección da momia de Tuthankamon)

O LIBRO

Teoría do Nacionalismo Galego

O libro é a formulación canónica do cerne común a todas as ideoloxías que conviven no nacionalismo galego até os anos sesenta.

Risco incide na necesidade de estudar a herdanza ideolóxica do galeguismo decimonónico para adaptala aos novos tempos, recollendo o legado do pensamento galeguista anterior, especialmente o de Manuel Murguía, para proxectalo cara o futuro.

Ideas do libro

OITOCENTISMO E NOVECENTISMO

Crise e decadencia de Occidente, por culpa do progreso fillo do racionalismo. A historia europea contemporánea explícase polas súas grandes crises (1830-1848-1870-1914), nas que o nacionalismo é o pulo anovador que reivindica os dereitos das comunidades naturais fronte ao uniformismo e imperialismo dos estados.

CONCEPCIÓN DA HISTORIA

Historia da humanidade concebida como sucesión de loitas entre espíritos colectivos: uns positivos, outros negativos. Os verdadeiros protagonistas da historia son as culturas nacionais, entendidas como expresión da alma colectiva.

CONCEPCIÓN DE NACIÓN

Negación do concepto liberal decimonónico de nación como agregado de cidadáns, sendo entendida como feito natural e biolóxico independente da vontade dos homes.

GALICIA

Galicia é un organismo vivo, e polo feito de selo, ten dereito á vida.



A prosa de preguerra

A Xeración Nós: Vicente Risco

- Etapas:

- 2. Entre 1920 e 1924: galeguismo

Conversión ao nacionalismo, ingreso nas Irmandades da Fala e fundación de Nós. (Obras que reflicten a súas ideas sobre o atlantismo, o coñecemento emocional e herdado do mundo ligado a valores espirituais e ao amor á terra, fronte á modernidade e ao racionalismo ligados ao materialismo e á pobreza espiritual)

Teoría do nacionalismo galego (ensaio no que expón a súa concepción de Galicia e do seu xeito de entender o nacionalismo)

A velliña vella (personificación dunha Galicia que se ve abandonada xurídica, cultural, social e economicamente)

O lobo da xente (narración semellante as de tradición oral que conta un caso de licantrópía)

A trabe de ouro e a trabe de alquitrán (oposición dos antergos celtas -espiritualidade- e dos mouros -materialismo-)

A coutada (volta á aldea como reencontro coa nenez e a felicidade)

A prosa de preguerra

A Xeración Nós: Vicente Risco

- Etapas:

A actitude de Risco comeza a virar a partir de 1926 (ruptura dentro das Irmandades): a súa prosa faise máis incisiva e satírica.

Os europeos en Abrantes (novela inconclusa que ironiza sobre o pensamento científico e a súa confianza para “salvar” o mundo fronte á ignorancia do pasado)

Dédalus en Compostela (o narrador conversa con Stephen Dedalus sobre Irlanda e Galicia. Compostela como símbolo da fe, a tradición e a terra)

O porco de pé (novela satírica que representa unha loita entre a materia -D. Celidonio- e o espírito -Dr. Alveiros-
Primeira novela moderna da literatura galega
Gran variedade lingüística)



A prosa de preguerra

A Xeración Nós: Vicente Risco

- Etapas:

3. Posterior ao 34: afastamento do nacionalismo galego.

Unha viaxe por Centroeuropa marcará esta viraxe. Ideoloxicamente amósase próximo ao fascismo, aínda que defende de xeito radical o catolicismo (fronte aos avances do marxismo e o nihilismo).

Mitteleuropa (diario da viaxe por Europa na que vai anotando as súas reflexións, descrições de cidades e museos, etc.)

- Teatro: necesidade de renovar o teatro (común a toda a xeración)

O bufón de El-rei (situada na idade media cuestiona as relacións de deformidade física e moral)

A prosa de preguerra

A Xeración Nós: Otero Pedrayo

Ramón Otero Pedrayo (Ourense 1888-
Trasalba 1976)



Familia de orixe fidalga. Estuda en Ourense, Santiago (Filosofía e Letras) e posteriormente Madrid (Dereito). Volve a Ourense en 1911, comeza a colaborar coa prensa e, máis tarde, entra en contacto co galeguismo (da man de Risco). Na II República é deputado nacionalista nas Cortes.

Despois da guerra é apartado do ensino, e aínda que segue escribindo, non o volve facer en galego ata o 47.

Nos 50 volta á universidade, participa na creación de Galaxia e serve de ponte entre a súa xeración e os escritores e galeguistas máis novos.

A prosa de preguerra

A Xeración Nós: Otero Pedrayo

- Narrativa:

- Relatos breves:

Pantelas, home libre

(relación de fidalguía e paisaxe)

O purgatorio de Don Ramiro

(andanzas do esqueleto dun fidalgo)

Escrito na néboa

(sobre o itinerario ideolóxico da súa xeración)

Contos do camiño e da rúa

(sete relatos breves)

Entre a vendima e a castiñeira

(1957, relatos breves de temática diversa)

- Novelas:

- Histórico-culturalistas:

A romaría de Xelmirez (viaxe do bispo a Roma no s. XII)

Fra Vernerio (percorrido pola Europa de fins do XVIII e comezos do XIX)



A prosa de preguerra

A Xeración Nós: Otero Pedrayo

- Narrativa:

- Novela:

- Histórico-realistas: (situadas na segunda metade do século XIX, analiza as mudanzas que se producen na sociedade galega)

Os camiños da vida (“Os señores da terra”, “A maorazga” e “O estudante”)

Mesón dos Ermos (situada no momento das guerras carlistas)

O señorito da Reboraina (1960, enfoque humorístico, irónico e burlón)

O maroutallo (1974, reflexión sobre a concepción da sexualidade popular e tradicional)

- Psicolóxicas:

Vidas non paralelas

Arredor de si (percorrido vital de Adrián Solovio)

Devalar (innovadora: fragmentarismo, acción simultánea e protagonismo múltiple.
Reflexión optimista sobre Galicia)

A prosa de preguerra

A Xeración Nós: Otero Pedrayo

- Teatro:

Caracter experimental e novidoso que fan difícil a súa representación.

A lagarada, farsada trágica para ler (arredor do asasinato do señor Vences de Alén)

Teatro de máscaras (16 pezas curtas. Importancia da coreografía, a música, a luz, o decorado e o vestiario)

O desengano do prioiro (satira humorística que opón vida e morte)

O fidalgo e a noite e Noite en Compostela (diálogos dramáticos)

Rosalía (centrada na figura desta autora. Autor-narrador, Rosalía e coro)

- Ensaio:

- Xeográfico: *Xeografía física da historia de Galicia*

- Libros de viaxes: *Pelerinaxes, Por os vieiros da saudade*

- Semblanzas biográficas: *Libro dos amigos* (1953)

- Histórico: *Ensayo histórico sobre la cultura galega* (maliá estar escrito en castelán é a súa obra desta temática máis importante)

A prosa de preguerra:

Xeración Nós: **Castelao**

Alfonso Daniel Rodríguez **Castelao** (Rianxo, 1886- Bos Aires, 1950)

Con nove anos viaxa a Arxentina con súa nai, para reunirse co seu pai (que emigrara no mesmo ano do seu nacemento). En 1900 volven a Rianxo e comeza os estudos de medicina dous anos despois. Cando remata cursa o doutorado en Madrid.

De volta en Galicia, fai a súa primeira exposición individual en Ourense (1912) e logo abandona a profesión de médico para adicarse á pintura. Participa activamente na vida política e cultural galega. Na II República é deputado nas Cortes por Pontevedra.

No 1934 é desterrado a Badaxoz (onde fica un ano). Despois da Guerra exíliase en Arxentina e instálase en Bos Aires. Forma parte do goberno republicano no exilio e viaxa por diversos países.

ALFONSO DANIEL RODRIGUEZ CASTELAO



Para que a nosa
Terra sexa nosa
VOTA O ESTATUTO



30 de xaneiro de 1886 – 7 de xaneiro de 1950

A prosa de preguerra: **Xeración Nós: Castelao**

- Diverxencias con outros membros de Nós:
 - Extracción social popular (próximo a esta clase que soubo entender como ninguén, afástase do aristocratismo intelectual dos compañeiros)
 - O seu pensamento social é profundamente laico (a pesar das dúbidas relixiosas)
 - Non idealiza o pasado de Galiza: a solución dos problemas non está na volta a un pasado idílico.
 - Arte de intervención, directa e provocadora que tenta chocar a conciencia do público (fronte ao culturalismo doutros membros do grupo)

Obra plástica e literaria son inseparables en Castelao: unidade temática e intencional, mesma concepción estética baseada no compromiso e no didactismo. “Hibridacións”

A prosa de preguerra: **Xeración Nós: Castelao**

- Obra plástica:

Intento de crear unha arte galega que represente formalmente as características propias da nosa cultura.

Trata temas políticos e sociais (miseria, explotación, caciquismo, emigración, guerras coloniais, guerra civil e represión, etc.) e filosóficos (a morte, a verdade, a felicidade, etc.)

- *Nós* (1920) (realismo crítico, ironía e humor, ademais de simbolismo)
- *Cincuenta homes por dez reás* (1930) (imaxe e texto)
- *Cousas da vida* (1930) (imaxe e texto)
- “*Álbums de guerra*”: *Galicia mártir*, *Atila en Galicia* e *Milicianos*
- *Debuxos de negros* (1938) (feitos durante a súa estadía en Nova York)

Producción plástica e ensaística: *As cruces de pedra na Bretaña* (1930) e *As cruces de pedra na Galiza* (1934).

A prosa de preguerra:

Xeración Nós: Castelao

- Obra literaria: narrativa
 - *Un ollo de vidro* (1922) (ambientación urbana, estrutura fragmentaria encadrada, sátira política e social)
 - *Cousas* (1926/1929/1934) (narracións breves acompañadas de ilustracións. Sinxeleza expresiva e economía de recursos. Literatura oral + recursos innovadores. Personaxes arquetípicos e situacións paradigmáticas da sociedade galega)
 - *Retrincos* (1934) (cinco contos con matices autobiográficos, ordenados cronolóxicamente)
 - *Os dous de sempre* (1934) (novela de estrutura fragmentaria que desenvolve a oposición de Pedriño e Rañolas)

Versións dalgúns relatos (en flocos.tv): “[O pai do Migueliño](#)”, “[Good night, mon ami](#)”

E versións de amadores...: “[Cando eu era rapaz](#)”, “[Unha rúa nun porto lonxano](#)”



A prosa de preguerra: Xeración Nós: Castelao



- Obra literaria: **teatro**

Os vellos non deben de namorarse (estreada en Bos Aires en 1941)

Tres lances (ademais de prólogo e epílogo) que son variantes do mesmo tema. Tradición + renovación teatral. Influencia do teatro ruso (Teatro da Arte).



A prosa de preguerra: **Xeración Nós: Castelao**

- Obra literaria: ensaio

- *Sempre en Galiza* (1944/1947: 1950)

Exposición do seu ideario político. Dividido en tres partes ademais dun prólogo (“Adro”) no que se insiste na necesidade do compromiso con Galicia e as clases populares

“Libro primeiro”: a árbore, a vaca e o peixe

“Libro segundo”: historia recente

“Libro terceiro”: revisión crítica da historia galega



Principios ideolóxicos fundamentais: nacionalismo e federalismo, antiimperialismo e democracia popular.

Denuncia os grandes males de Galicia (falta de institucións apropiadas á organización tradicional do país; igrexa galega; manipulación da historia; escola pública, universidade e burocracia como axentes desgaleguizadores; imposición de valores alleos; substitución lingüística, etc.)

Outros prosistas de preguerra: Rafael Dieste

Rafael Dieste (Rianxo, 1899- A Coruña, 1981)

Dos arquivos do trasno (1926) (vinte relatos para resaltar a importancia da unidade emotiva e o impacto do final. Mestura de narración tradicional e innovación literaria. Mestura do real e o marabilloso.)

- Importancia concedida á técnica
- Temas relacionados co misterio e o extraordinario
- Raíz popular das historias contadas (personaxes e situacións)

A fiestra valdeira (1927) (teatro non didáctico, senón innovador)

- Escapa de caracterizacións tópicas e costumistas
- Esquema clásico de representación
- Teatro como composición pictórica en movemento
- Predominio do literario sobre o dramático



Outros prosistas de preguerra: Álvaro de las Casas



Xornadas de Bastián Albor (1931) (novela que analiza a situación socio-política nos meses previos ao levantamento da II República)

Teatro: nove pezas breves de exaltación do galeguismo Algúns exemplos:

- *Mitín* (sobre os males da sociedade rural)
- *O tolo de Lastra* (sobre a realidade social galega)
- *A gavilla* (tema electoral)
- *Pancho de Rábade* (saudade da terra e desgaleguización)

Outros prosistas de preguerra: Evaristo Correa Calderón

Influencia da novela rexionalista (vinculada ao modernismo hispánico)

Luar (tres contos de ambientación popular: “Romaxe”, “A perdida” e “Gárgolas” estampa de feira.

Conceición sinxela do ceo (novela curta, idealización dun mundo rural feliz como imaxe do paraíso)

Margarida a da sorriso e aurora (conto de fadas)



A. O pai de Migueliño chegaba das Américas e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueliño sabía cos ollos pechados cómo era o seu pai; pero denantes de saír da casa botoulle unha ollada ó retrato.

Os “americanos” xa estaban desembarcando. Migueliño e a súa nai agardaban no peirán do porto. O corazón do rapaz batíalle na táboa do peito e os seus ollos esculcaban nas greas, en procura do pai ensoñado.

De súpeto avistouno de lonxe. Era o mesmo do retrato ou aínda mellor portado, e Migueliño sinteu por el un grande amor e canto máis se achegaba o “americano”, máis cobiza sentía o rapaz por enchelo de bicos. ¡Ai!, o “americano” pasou de largo sen mirar para ninguén, e Migueliño deixou de quere-lo.

Agora si, agora si que o era. Migueliño avistou outro home moi ben traxeado e o corazón dáballo que aquel era o seu pai. O rapaz devecíase por bicalo a fartar. ¡Tiña un porte de tanto señorío! ¡Ai!, o “americano” pasou de largo e nin tan siquiera reparou que o seguían os ollos angurentos dun neno.

Migueliño escolleu así moitos pais que non o eran e a todos quixo tolamente.

E cando esculcaba con máis anguria, fíxose cargo de que un home estaba abrazando á súa nai. Era un home que non se parecía ó retrato; un home moi flaco, metido nun traxe moi floxo; un home de cera, coas orellas fóra do cacho, cos ollos encoveirados, tusindo...

Aquel si que era o pai de Migueliño.

B. A poder de pasar fame, puxo unha tenda nun buraco cheirente e escuro, alumado con vela de sebo, e durmía na trastenda. Despois gañou e chegou a mercar a casoupa na que vivía. Logo gañou máis, alugou a tenda e mudouse para outra meirande, e trouxo da súa terra a dona Emerenciana, co seu capacho e o seu periquito no cume do peinado, que metía na praza moeda falsa e rifaba coas regateiras e cos parroquianos, e á Nicasia, a filla, a quen non deixaba medrar a nai, que tiña un xenio como un can adoecido.

Os tres cheiraban a bravío, coma as cabras. Mais a forza de fame aforraban e daban réditos. E chegaron a mercar outra casa na Praza Maior. E despois gañaron máis, e mercaron a casa na que vivían e tiñan a tenda e as rendas dun señor velliño que alí morreu e que lles debía cartos.

C. Baixando a congostira medraban as tebras. Cantigaba o regueiro no campo da Pontiña. Xa entre as casas, fuxiulle o medo e procurou a cancela dos Cordas. Na cociña palpebrexaba unha luz. O herdeiro detí vose un instantiño. A noite mollada cangá balle os ombreiros e o medo aniñaba nos vultos escuros da casa e da cociña [...]. Subitamente franqueouse a porta e a lapa desfiada dun fachico aceso alumeou a faciana da Xenara, roxa, riseira e maligna; a roupa negra confundí ase coa noite. ¿Seica dubida meu señor? Pase e bote un traguíño, haille boa compañía . O herdeiro recuou na porta, pois alí riseiro e ledó, estralante de forza, estaba don Xosé Marí a. [...]

O mozo odiaba con toda a súa alma ao vellote fidalgo. Tí ñalle medo e envexa pola alegrí a franca e a simpatí a que espallaba arredor [...] Boas noites, don Xosé ; non agardaba atopalo aquí . Mais a vociña saí u tan baixa, rouca e cargada de traizó ns que o don Xosé Marí a voltouse sorprendido ao tempo que o coitelo do herdeiro dos Doncos lle apuntaba ao costado. Dunha valente labazada botouno medio derreado sobre a lareira, que lle chamuscou o tabardo, e a Xenara suxeitoulle os brazos. O Doncos soltou a arma chorando de rabia. O fidalgo co xenio de sempre: Vaia, home, non te coidaba tan mal criado. ¡Boa sementeira hai na casa grande de Trasouto! Deus nos colla confesados para outra. Agora vaite e non teñas medo que non llo contarei a teu pai .